

Ditame
1/12

DITAME

sobre o anteproxecto de
Lei de montes
de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 30 DE XANEIRO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

Juan José Gallego Fouz, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2012, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan,

Presidenta *Corina Porro Martínez*

Secretario xeral *Juan José Gallego Fouz*

GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia *José Carlos Rodríguez del Río*
María del Carmen Brea Iglesias
Mar Alfonsín Madrigal

CIG *Manuel Currás Meira*
Fernando R. Acuña Rúa
Natividade López Grómoz

S.N. CC.OO. *Clara Gamarra Lozano*
Maica Bouza Seoane
Xesús Ángel Castro Baamonde

GRUPO SEGUNDO

CEG *José Antonio Neira Cortés*
Eugenio Geijo Carril
Jose Manuel Maceira Blanco
Alejandro Prada Baceiredo
Marta Amate López
Rafael Serrano Hernández
Araceli de Lucas Sanz

Juan B. de la Salle Barreiro Pérez
Ana Belén Vázquez Eibes

GRUPO TERCEIRO

Unións Agrarias

Alba Torreira Puga

SLG

Isabel Vilalba Seivane

Xóvenes Agricultores

Antonio de María Angulo
Manuel Fontela Ríos

Confrarías

José Antonio Gómez Castro

Consumidores

Miguel López Crespo
Otilia Novegil Villanueva

Universidades

Angel S. Fernández Castro
Sara Cantorna Agra
Xosé Henrique Vázquez Vicente

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido e cos votos particulares que figuran como anexo.

“

ANTECEDENTES

1.- En data 28 de novembro de 2011, tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de montes de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos* para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 2 de decembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 19 de decembro de 2011, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/12, de data 23 de xaneiro de 2012, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidencia do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello que, na súa sesión 1/12, de 30 de xaneiro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto de Lei de montes de Galicia..

ESTRUTURA E CONTIDO

O Anteproxecto da **Lei de Montes de Galicia**, que ten por obxecto establecer o marco normativo dos montes ou terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, estrutúrase nun título preliminar, doce títulos, cun total de cento corenta e seis artigos, cinco disposicións adicionais, dez transitorias, unha derogatoria e catro derradeiras, concluíndo dous anexos.

O **Título Preliminar**: “Disposicións xerais” (artigos 1 ao 8) ocúpase de determinar os principios e obxectivos de política forestal.

O **Título I** está dedicado ás “*Competencias das administracións públicas*” (artigos 9 ao 12).

O **Título II** “*Clasificación e réxime xurídico dos montes. A propiedade forestal*” (artigos 13 ao 70), divídese en oito capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Disposicións xerais*” (artigo 13), “*Clasificación dos montes*” (artigos 14 ao 22), “*Réxime xurídico dos montes públicos*” (artigos 23 ao 43), “*Dos montes privados*” (artigos 44 ao 46), “*Deslinde dos montes*” (artigos 47 ao 55) “*Adquisición de propiedades forestais*” (artigos 56 e 57), “*Conservación e protección de montes*” (artigos 58 ao 68) e á “*Organización da estrutura da propiedade forestal*” (artigos 69 e 70).

O **Título III** “*Da planificación e da xestión forestal sostible*” (artigos 71 ao 83), divídese en dous capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Da planificación forestal*” (artigos 71 ao 76), e “*Da ordenación e xestión dos montes*” (artigos 77 ao 83).

O **Título IV** “*Recursos forestais*” (artigos 84 ao 95), divídese en tres capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Principios*” (artigo 84), “*Dos produtos non madeirables e servizos do monte*” (artigos 85 ao 88), e “*Dos produtos madeirables*” (artigos 88 ao 95).

O **Título V** “*Das infraestruturas forestais*” (artigos 96 ao 98).

O **Título VI** “*Da cadea monte-industria*” (artigos 99 ao 105).

O **Título VII** “*Extensión forestal*” (artigos 106 ao 110), divídese en tres capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Educación*” (artigo 106), a “*Formación e divulgación*” (artigos 107 e 108), e a “*Da investigación e a transferencia*” (artigos 109 e 110).

O **Título VIII** “*Dos recursos xenéticos forestais*” (artigos 111 ao 113), divídese en dous capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Da mellora xenética e do material forestal de reprodución*” (artigos 111 e 112), e “*Dos entes provedores de material forestal de reprodución* ” (artigo 113).

O **Título IX** “*Pragas, enfermidades forestais e defensa fitosanitaria*” (artigos 114 ao 118).

O **Título X** “*Fomento forestal*” (artigos 119 ao 125), divídese en tres capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Disposicións xerais*” (artigos 119 ao 121), a “*Dos instrumentos de fomento forestal*” (artigos 122 e 123), e a “*Do fondo de melloras*” (artigos 124 e 125).

O **Título XI** “*Do sistema rexistral*” (artigo 126).

O **Título XII** “*Réxime sancionador*” (artigos 127 ao 147), divídese en catro capítulos, dedicados, respectivamente, a “*Das infraccións*” (artigos 127 ao 130), a “*das sancións*” (artigos 131 ao 137), ao “*Procedemento sancionador*” (artigos 138 ao 146) e ao “*Do rexistro de infractores*” (artigo 147).

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Tal como se sinalara no Ditame 12/08 deste Consello sobre o Anteproxecto de Lei de Montes de Galicia, o CES considera que unha norma como a proposta, que regule un marco legal con vocación de estabilidade no tempo, require contar cos maiores consensos sobre o seu contido, sobre a base dunha adecuada tramitación, na que a participación dos sectores afectados se considera un aspecto esencial.

2.- O CES entende que a nova Lei de Montes debe orientarse cara a unha maior simplificación administrativa e unha mellor delimitación competencial.

Nesta liña, deberíanse limitar as autorizacións e trámites administrativos aos estritamente necesarios e equilibrar a tutela administrativa dos intereses xerais cos dos axentes económicos e propietarios.

3.- A Lei debe garantir o uso dos montes de maneira responsable asegurando a súa produtividade e a conservación da superficie forestal, e incrementando a diversidade biolóxica así como a protección efectiva de tódolos tipos de ecosistemas forestais existentes en Galicia.

Neste sentido, débese apostar por unha xestión forestal ambientalmente sustentable, restaurando con criterios ecolóxicos os ecosistemas forestais degradados, mellorando o estado de conservación dos mesmos e buscando a conservación e restauración dos ciclos hidrolóxicos naturais. A ampliación da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia é paso imprescindible para conseguir unha conservación e protección eficaz dos mesmos.

4.- Ao longo do articulado do Anteproxecto de Lei faise mención en varios artigos á “*Dirección Xeral competente en materia forestal ou en materia de montes*” o que, en boa técnica legislativa debería substituírse por “Órgano competente en materia forestal ou en materia de montes”.

5.- Tal como se sinalara no Ditame 12/08 deste Consello sobre o Anteproxecto de Lei de Montes de Galicia, dada a importancia estratéxica, territorial, socioeconómica e ambiental do monte galego, a Lei de Montes de Galicia debe acompañarse dunha estratexia forestal a longo prazo, consensuada, e dotada de previsións financeiras que permitan a xestión sustentable, o aproveitamento multifuncional de bens e servizos do monte, a mellor rendibilidade e a súa persistencia.

No ano 1992 foi aprobado no Parlamento de Galicia, por consenso de todas as forzas parlamentarias, o Plan Forestal de Galicia, polo tanto dende o CES insta á revisión e, no seu caso, á elaboración dun novo Plan Forestal no menor prazo posible, así como ao establecemento nesta Lei tanto do contido mínimo que debe ter o Plan, como da necesidade de dotalo orzamentariamente.

6.- Tal como se sinalara no Ditame 12/08 deste Consello sobre o Anteproxecto de Lei de Montes de Galicia o CES entende necesario apostar pola creación de unidades de arbitraje para a resolución dos conflitos que xurdan entre os distintos axentes e reduzan os tempos de resolución e os custos para estes.

7.- A Lei debería establecer expresamente non só a publicidade de todos os rexistros creados ao seu abeiro ou a das disposicións de desenvolvemento desta, senón tamén o libre acceso para a consulta e obtención da información que conteñan.

8.- En coherencia co Ditame 12/08 deste Consello, o CES considera a necesidade de que, ao abeiro desta Lei, exista un protocolo de actuación inequívoco doadamente executable de cara á erradicación do gando ilegal, incluíndo o xeito da retirada dos montes das cabanas ilegais.

O CES tamén considera conveniente o establecemento dun marco legal claro en relación coa regulación das ordenanzas e disposicións municipais forestais con base nun marco autonómico único.

9.- O CES considera que no cap. X do Anteproxecto, referido ao fomen-

to forestal, é necesario desenvolver instrumentos e medidas (fiscais, fondos verdes, bonos...) que, ampliando as fórmulas máis tradicionais mencionadas no texto, contribúan con carácter máis innovador ao desenvolvemento do sector forestal.

10.- O CES considera necesario que se estableza no presente texto normativo unha Disposición Final na que se prevea, no menor prazo posible, a elaboración dun regulamento de desenvolvemento dos aspectos máis relevantes desta norma.

Dentro deste regulamento, a título de exemplo, entre outros, deberíase contemplarse a regulación do tempo para a xestión dos restos de corta en torno a un máximo de tres meses, así como establecer a mellora na sinalización das pistas forestais cara a incrementar a seguridade dos traballadores e traballadoras de prevención e extinción de incendios.

11.- O CES entende que as diversas modificacións que o Anteproxecto de Lei obxecto de ditame establece na Lei 13/1989, de Montes Veciñais en Man Común, deberían tramitarse unitariamente nun anteproxecto de lei propio, manténdose mentres tanto vixente a dita lei 13/1989.

Por outra parte, o CES considera que, dada a importancia da Lei de Montes Veciñais en Man Común debería establecerse unha estrutura administrativa suficiente para garantir o axeitado exercicio das competencias da administración autonómica.

12.- Co obxecto de acadar un mellor coñecemento da situación e necesidades do monte galego, estímase necesario contar con instrumentos estatísticos eficaces, polo que consideramos que a Consellería competente en materia forestal debería elaborar e manter actualizado un Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo o CES estima que, polas características e peculiaridades das masas forestais en Galicia, a actualización do Inventario Forestal na nosa Comunidade debería facerse de forma temporal intermedia en relación ao Inventario Forestal estatal, de xeito que permita dispoñer de datos estatísticos para os montes galegos cada cinco anos, periodicidade máis acorde co carácter cambiante dos nosos montes.

13.- O CES entende que o Anteproxecto débese revisar para empregar unha linguaxe non sexista en todo o articulado da Lei.

14.- O CES considera que o texto do Anteproxecto merece unha revisión xeral en canto á numeración dos artigos e á correcta utilización da normativa para a escrita do galego. Asemade, é xeneralizado (V.gr. artigos. 3, 126 ou 131), o uso das letras “j” e “k” nas clasificacións presentes en diversos artigos, letras que non forman parte do alfabeto galego, polo que deberían substituírse polas seguintes que corresponden. Neste mesmo senso, deberíase substituír a expresión “Disposición/s derradeira/s” contida na exposición de motivos e ao final do Anteproxecto, por “Disposición/s final ou finais”, para respectar a definición que do termo “derradeiro/a” fai a Real Academia Galega.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos

Para evitar confusións interpretativas en canto aos ámbitos territoriais de referencia, recoméndase que o uso do termo “nacional” en varios dos parágrafos da exposición de motivos, se substitúa por “estatal”.

Por outra parte, entre os últimos parágrafos da exposición de motivos debería incorporarse unha frase alusiva a que o Anteproxecto de Lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Artigo 3: Principios da Lei

A biodiversidade da nosa flora e fauna aparece recollida no **apartado e)** do **artigo 3** incluíndo a protección da mesma dentro dos obxectivos da política forestal, este Consello entende que a conservación, protección e restauración da biodiversidade debería ser un principio da Lei polo que se propón engadir a expresión “e da *biodiversidade*” ao final do texto do **artigo 3 letra d).**

Tal como se define no presente texto normativo o concepto silvicultor/a refírese á persoa que realiza operacións de coidado e tratamento das masas forestais. Este Consello entende que o citado termo ten un carácter limitante, polo que se propón substituír na **letra i)** do **artigo 3** o termo “*silvicultores*” polo máis amplo de “*silvicultores/as e produtores/as*”.

Artigo 5: Función social dos montes

Co obxecto de que o carácter social dos montes non pareza sometido, tal e como pode dar a entender o texto, á potencialidade e utilización forestal, a un uso exclusivamente produtivo dos mesmos, o CES propón cambiar, na segunda parte do **apartado 3** do **artigo 5** a expresión “...*en forma tal que se respecte sempre a potencialidade e utilización forestal dos mesmos*” pola de

“...compatibilizados coa potencialidade e utilización forestal dos mesmos”.

Proponse engadir un novo apartado ao artigo 5 entendendo que é necesario incorporar a cualificación de interese publico e a xestión forestal sostible para garantir a función social que desenvolven os montes como fonte de recursos naturais, económicos, didácticos e recreativos. Para isto a Administración da Comunidade Autónoma deberá procurar a súa conservación, protección, ordenación e mellora, e habilitar os medios humanos e materiais que sexan necesarios para manter e potenciar esta función social, resultando imprescindible para garantir estas premisas a declaración de Interese Publico e o apoio e promoción da Xestión Forestal Sostible.

4. A conservación, a expansión e o aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentable e o disposto na presente Lei, son de interese público sen prexuízo do réxime da propiedade.

Artigo 6: Obxectivos

Dado o carácter restritivo e indeterminado do termo “necesidades de mercado” e que a referencia ao mesmo debe conxugarse con criterios como a diversificación da produción e a sustentabilidade, considérase que debe modificarse a redacción do **apartado 7 do artigo 6** para recoller como obxectivo da Lei: “*7. O fomento da produción de madeira en calidade, diversidade e cantidade, atendendo a criterios de diversificación da produción, sustentabilidade e rendibilidade.*”

Na mesma liña, proponse un cambio do texto do **apartado 9 do artigo 6** por un texto de teor igual ou similar ao seguinte: “*Fomento dunha industria da transformación da madeira e doutros produtos forestais que procure a maximización dos valores engadidos, incluíndo a diversificación na produción e favorecendo tanto a primeira como a segunda transformación, tratando de acadar un equilibrio entre a produción forestal e a demanda.*”

Artigo 7: Potestade normativa

Dado que non todas as consellerías teñen potestade para ditar normas relativas á xestión e aproveitamentos forestais, estímase que se debería incluír no

texto do artigo 7 a expresión :” e exclusivamente ao Consello da Xunta e ás consellerías competentes por razón de materia, en virtude (...)”

Artigo 8: Definicións

A definición establecida no **apartado 4 do artigo 8** de “axente forestal, axente facultativo medioambiental”, parece detallada en exceso, aludindo a elementos que están implícitos na definición de calquera corpo funcional e que polo tanto resultan obvios e en tal sentido de innecesaria mención. Deberíase pois simplificar a definición facendo referencia, fundamentalmente, a aqueles elementos esenciais diferenciadores que configuran o corpo. En base ao sinalado propónse a modificación da redacción cun texto de teor igual ou similar ao seguinte:

“Funcionario que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente á Xunta de Galicia que ten encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6.º do artigo 283 da Lei de Axuízamento Criminal.”

Tal como se define o concepto de incendio forestal no **apartado 15 do artigo 8**, a casuística podería facer que o combustible existente no monte, determine a cualificación de incendio forestal, o que non resulta adecuado, polo que se propón cambiar o referido concepto polo de: “O lume que se estende sen control sobre combustibles situados no monte”.

Por outro lado, debería definirse a rexeneración forestal, á que se refire o **apartado 27 do artigo 8**, como “a reforestación por medios naturais mediante tratamentos silvícolas dos pes nados no propio terreo, ben de semente ou ben de cepa ou raíz”; por contraposición á repoboación artificial cos tratamento de vexetación e solo específicos e o uso de planta de viveiro. En coherencia co sinalado, ao longo do texto normativo onde apareza o termo rexeneración referido á rexeneración artificial debería cambiarse polo termo reforestación.

Así mesmo, pola importancia que teñen estas estruturas na ordenación do monte galego e que deberían ser tidas en conta no Plan Forestal de Galicia así como na Estratexia Galega de Montes, este Consello considera necesario

engadir as seguintes definicións no artigo 8: *Bosque, prado, pastizal, zona de alto risco de incendio, multifuncionalidade do monte e vía de saca*, así como a definición de “*Distrito Forestal*” por ser unha unidade administrativa básica na xestión forestal.

Artigo 12: Consello Forestal de Galicia

Considérase que a regulación que o Anteproxecto fai do Consello Forestal de Galicia resulta insuficiente xa que se deberían explicitar ademais os aspectos máis substantivos tales como composición e elementos esenciais da estrutura do Consello Forestal de Galicia.

Considérase así mesmo necesario prever no Anteproxecto o establecemento dun prazo para o desenvolvemento regulamentario dos aspectos relativos ao Consello Forestal.

Por outro lado, propónse a modificación da redacción do **apartado 1 do artigo 12** en consonancia co establecido na exposición de motivos do Decreto 306/2004 que crea o Consello Forestal de Galicia, na que se incide de xeito importante na necesidade da participación pública na elaboración e execución das políticas; considérase ademais imprescindible a participación e consenso dos diferentes sectores económicos, sociais e científicos para a consecución dos obxectivos que inspiran a presente Lei. En base ao sinalado a redacción proposta para o citado apartado sería a que segue:

“1. O Consello Forestal de Galicia, como órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Administración autonómica en materia forestal, na elaboración das políticas públicas e no desenvolvemento dos principios desta Lei, constituirá a canle de participación da sociedade galega co fin de potenciar a xestión sustentable e fomentar o desenvolvemento do monte galego.”

Finalmente, considérase que, no **apartado 2 do artigo 12**, debería expresarse que formarían parte do Consello, en aplicación da Lei 17/2008, as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia.

Artigo 20: Montes veciñais en man común

En aras dunha maior seguridade xurídica, o texto do artigo 20 debería recoller, nos seus propios termos, a definición de montes veciñais en man común que se establece nos artigos 1, 2 e no apartado 1 do artigo 4 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia.

Artigo 22: Xestión de montes protectores

Entendendo que os montes protectores benefician ao conxunto da sociedade e asumen cargas ao ser declarados como tais, proponse unha nova redacción do **apartado 1** do **artigo 22** cun texto de teor igual ou similar ao seguinte: “ *A xestión dos montes protectores corresponde aos seus titulares. A Administración competente en materia de montes elaborará, coa participación dos titulares, o instrumento de xestión e acompañará medidas económicas* “

No mesma liña de aliviar en certa medida a presión sobre este tipo de monte, no **apartado 3** do citado **artigo 22** debería cambiarse a expresión “(...), *poderán ser compensadas* (...)”, por “(...), *serán compensadas* (...)”.

Artigo 27: Declaración de montes de utilidade pública

Propónse engadir unha **nova letra**: “**ñ**) *Os que se atopan en zonas que tecnicamente constitúan vieiros ecolóxicos ou/e de conectividade xenética catalogada entre montes dotados dalgunha figura de protección, cos obxectivos de evitar o illamento das poboacións, fomentar a biodiversidade, manter áreas cortalumes e asegurar a persistencia de vexetación autóctona de interese.*”, co obxecto de incluír estes supostos entre os que poden ser declarados de utilidade pública e incorporados no catálogo.

Artigo 28: Perda de condición de utilidade pública

Entendemos positivo engadir no **artigo 28** que: “*no caso de que por sentenza firme se declare que o monte non é de titularidade pública, se permanecesen as causas da súa inclusión no catálogo de montes de UP, promove-*

rase de oficio a súa catalogación como monte protector”, a fin de prever unha saída para esta continxencia.

Artigo 45: Dos montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

Con respecto ao **apartado 3 do artigo 45**, considérase que, de acordo coas normas habituais de funcionamento dos órganos colexiados, en xeral, non resulta admisible tomar un acordo de constitución dunha entidade tan só coas persoas presentes na asemblea. Consecuentemente, debería establecerse un quórum mínimo esixible en primeira convocatoria para a constitución da xunta xestora á que se refire o apartado.

Artigo 53: Do procedemento de deslinde entre montes veciñais en man común

Artigo 54 : Do procedemento de deslinde entre montes veciñais con propiedades particulares

O CES propón que ambos artigos adapten a súa redacción ao disposto no artigo 11 da Lei 13/1989, de montes veciñais e ao artigo 53 do Decreto 260/1992.

Artigo 55: Do amolloamento de montes veciñais en man común

Polas razóns que se abordan no propio texto, o CES propón engadir como primeiro parágrafo do **apartado 4 do artigo 55** un texto de teor igual ou similar ao seguinte “*A consellería competente en materia de montes priorizará, entre as súas actividades de fomento, o deslinde e a marcaxe dos montes veciñais en man común*”

Artigo 57: Adquisición de terreos polas comunidades de montes veciñais en man común

O CES considera necesaria unha regulación máis expresiva e completa do preceptuado no apartado 3 do artigo 57 polo que propón unha nova redacción

para este, de igual o similar teor que á que segue: *“As adquisicións de terras por compra, deberán ser motivadas pola comunidade veciñal titular no cumprimento dos seus fins, no interese xeral dos comuneiros/as, na defensa dos seus montes e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, e requirirá da autorización previa da Administración competente en materia de montes, que deberá resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de 20 anos. No caso de adquisición por doazón, non será precisa a autorización da Consellería competente en montes veciñais.”*

Propónse unha nova redacción para o **apartado 4 do artigo 57** de igual o similar teor que o que segue: *“As adquisicións obtidas polas comunidades de montes veciñais en man común con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, e as que sexan formalizadas pola comunidade veciñal e autorizadas pola Administración competente en materia de montes, con posterioridade á entrada en vigor desta Lei, comunicaranse ao Xurado Provincial de montes veciñais en man común, que integrará a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión de dito monte, e o comunicará ao correspondente Rexistro da Propiedade e ao Catastro, que tomará razón da mesma”*.

Artigo 59: Cambio de uso forestal

O CES entende que debería quedar claramente determinado no texto que a excepción que se regula no **apartado 3** do citado **artigo 59**, non operará cando o causante do incendio sexa o titular do monte.

Artigo 60: Cambios de actividade forestal a agrícola

O CES propón modificar a redacción do **apartado 2 do artigo 60** co obxecto de salvagardar os dereitos dos propietarios de montes, que estando inicialmente ubicados nunha superficie forestal, viron modificado o seu entorno pola solicitude de cambio de actividade forestal a agrícola, das parcelas lindantes.

No **apartado 2 do artigo 60**, considérase que se debería de eliminar a última frase do texto, *que di “(...) ata o momento da reforestación da masa arborada tralo aproveitamento”*.

Artigo 64: Medidas de restauración

Co obxecto de evitar que o titular que padeza o lume nas súas terras, teña que afrontar de xeito unilateral os gastos de restauración, considérase que se debería engadir, despois de “*no artigo 65.2, apartados e) e d)*” o seguinte texto: “*A Administración competente en materia de montes prestará apoio técnico e económico na elaboración e desenvolvemento do proxecto*”.

Artigo 66: Informes aos instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico.

Entendendo que o monte veciñal é unha titularidade de características especiais, e que, como tal, debe ser protexido, propónse engadir, ao final do parágrafo a expresión “*e montes veciñais en man común*”.

Artigo 67: Condicións que deben cumprir as repoboacións forestais

Dada a transcendencia dos cultivos enerxéticos, consideramos necesario substituír o actual texto do **apartado 3 do artigo 67** por outro de teor igual ou similar ao que segue: “*As repoboacións ou sementeiras nos cultivos enerxéticos en terreo forestal, as especies utilizables e as condicións técnicas para a súa implantación en territorio forestal, regularanse por Decreto da Consellería competente en materia de montes.*”

Considérase conveniente engadir un novo apartado:

Apartado 7 “A repoboación forestal en montes catalogados de utilidade pública e nos montes patrimoniais, priorizará as especies do anexo I, tendo como obxectivo preferente o protector, ambiental e social.”, co obxecto de establecer este condicionante para a repoboación forestal nos montes que se citan.

Artigo 69: Límites ás parcelacións, divisións ou segregacións

Baixo a premisa de que debe limitarse a posibilidade de parcelar, co obxecto de ir reducindo o minifundismo, e de acadar unidades de superficie eficientes, o CES considera que 15 hectáreas é un parámetro en exceso elevado, para a realidade do noso territorio.

Artigo 70: Concentración parcelaria en terreos forestais.

Do **apartado 6** do **artigo 70**, cando se di que “*Os montes concentrados manterán a súa cualificación e uso actual durante o proceso e unha vez entregadas as novas parcelas*”, podería deducirse que se condiciona de por vida o tipo de uso dun terreo. Contrariamente, considérase que, como en calquera outro caso, debe estar permitido o dereito de solicitar un cambio de uso para os terreos concentrados, nos termos establecidos ao respecto pola lexislación vixente.

Consecuentemente, considérase necesario que na norma de referencia se estableza un período mínimo de permanencia do uso forestal.

Título VII: Extensión forestal

O CES entende que no citado Título VII do Anteproxecto de Lei debería incluíse un novo artigo que regule a extensión, policía e gardería forestal, que recolla o textual do artigo 58 da Lei estatal 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.

Artigo 74: Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF).

No **apartado 1** do citado **artigo 74** propónse a eliminación da palabra *preferentemente*, xa que o ámbito de actuación dos PORF é o distrito forestal, tal e como xa está definido no Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos PORF para Galicia.

No **apartado 2** do **artigo 74** propónse engadir no final o seguinte texto: “*o mesmo que cos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais.*”, ao efecto

de que os contidos dos PORF se coordinen tamén cos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais.

Artigo 75: Procedemento de elaboración e aprobación dos PORF.

Propónse que se especifique no **apartado 1** do **artigo 75** que os PORF serán aprobados polo Consello da Xunta mediante decreto.

Por outra banda, considérase que o prazo de información pública establecido é demasiado breve, polo que se propón a ampliación do mesmo entre un e dous meses.

Pola transcendencia a efectos dos PORF, o CES entende que debe mencionarse expresamente na Lei de Montes a necesidade de definir regulamentariamente o proceso de participación pública na súa elaboración, polo que se propón a inclusión dun **novo apartado 75.3.** do teor do seguinte: *“Todos os PORF contarán na súa elaboración cun proceso de participación pública que se definirá regulamentariamente”*.

Artigo 81: Aprobación a efectos dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

O CES propón modificar a redacción do **apartado 2** do **artigo 81** entendendo que os instrumentos de ordenación ou xestión forestal, ao ser documentos redactados por técnicos competentes en materia forestal, que cumpren obrigatoriamente os principios reitores, criterios e requisitos contidos nas instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia, e estando estas aprobadas por decreto do Consello da Xunta, o prazo de tres meses é suficiente para que a administración se pronuncie sobre a admisión ou non da solicitude de aprobación de dito instrumento.

Artigo 84: Dos produtos e servizos do monte

Tal como se sinala no **artigo 84**, o titular do monte será o propietario dos recursos do monte, o CES entende que esta titularidade debería darse en todo caso, xa que a súa vez, aos montes recoñéceselles outro papel relevante como

fonte de outros recursos forestais, outros produtos e servizos característicos, e externalidades de carácter ambiental ou sociocultural, entre os que están a protección do solo e do ciclo hidrolóxico, de fixación de CO₂, de depósito da biodiversidade biolóxica e como elementos fundamentais da paisaxe e de actividades sociorecreativas.

O CES considera que deben terse en conta estes recursos e externalidades, con valor de mercado actual e futuro, e que poidan ser obxecto de aproveitamento forestal polos propietarios, segundo determina a Lei 43/2003.

Por outra banda, de acordo coa definición do punto 2 do artigo 8 do presente Anteproxecto de Lei, deben considerarse tamén aproveitamentos todos aqueles outros que teñan como base territorial o monte e neles deben terse en consideración os dereitos dos propietarios dos montes como titulares destes recursos.

Artigo 85: Pastos, caza, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, cortizas, resinas e outros produtos forestais.

O CES propón completar o título do artigo coa expresión “*castañas e outros froitos*”, por ser máis xeral.

Os aproveitamentos deberían ser regulados mediante decreto, considerándose así mesmo necesario prever no Anteproxecto o establecemento dun prazo razoable para o desenvolvemento regulamentario.

Artigo 86: Pastoreo

O CES entende que se debe obrigar á identificación clara e visible a certa distancia, para posibilitar a vixilancia e control dos animais que pastorean por predios forestais co gallo de identificar aos seus propietarios, en especial no caso do gando vacún e cabalar. Polo que se propón a inclusión dun novo apartado neste senso. A xestión e administración do gando que deambule nas zonas forestais sen identificación ou sen autorización por parte do propietario non deba ser competencia dos concellos, que na súa maioría carecen dos medios e recursos necesarios. Isto faría que na práctica ninguén se encargue de retirar estes animais, aumentando a conflictividade polos usos, como xa se

indicou con anterioridade. A competencia de vixilancia e control deberá residir na administración forestal, e a competencia de xestión e retirada dos animais debe corresponder a sanidade animal e gandería. Polo que a vixilancia, control, xestión e retirada faríase polos axentes e persoal propio da Xunta de Galicia, sen prexuízo das accións que lle correspondan aos propietarios dos montes. Neste senso o CES propón modificar os apartados 4 e 5 deste artigo.

Artigo 88: Servizos do monte

O CES propón **modificar o apartado 2**, engadindo un parágrafo do teor do seguinte ao final do citado apartado: *“No caso de que se vertan ou abandonen residuos ao monte por mor da realización de actividades previstas neste apartado, o responsable será quen os orixine e subsidiariamente a/s persoa/as promotoras da actividade. No caso de que a actividade se realíza-se sen os oportunos permisos, o/a propietario/a do monte terá esa responsabilidade.”*

De cara a eliminación do risco potencial de incendios forestais que pode supor o abandono de certo tipo de residuos no monte, o CES propón engadir un novo apartado para prever que a administración forestal poderá executar a súa recollida repercutindo os custos que esta poida ter.

Artigo 92: Dos aproveitamentos madeirables.

Se o monte xa conta cun instrumento de ordenación ou xestión aprobado, a realización do aproveitamento xa foi previamente informado favorablemente polos organismos sectoriais competentes, enténdese suficiente a comunicación previa o inicio dos traballos. En base ao sinalado o CES propón modificar a redacción do **apartado 5 do artigo 92** co obxecto de simplificar e axilizar os trámites a realizar polos propietarios, de xeito que nos montes ordenados, cando a corta se faga de acordo co instrumento de ordenación ou xestión aprobado, non se precisará autorización e bastará coa notificación a Administración forestal ao inicio dos traballos.

O CES propón engadir un novo apartado para os casos dos montes con plan aprobado, nos que o aproveitamento non se contemple ou non se axuste ao disposto no plan por motivos xustificados (incendios, pragas, venda-

vais...etc) o prazo debe ser de 15 días para que a administración se pronuncie sobre a idoneidade do mesmo ou, se se autoriza, sobre a posterior necesidade de modificación do Plan.

5.2. Nos montes ordenados, cando os aproveitamentos non se axusten ao previsto no instrumento de ordenación ou xestión, o propietario solicitará, de maneira xustificada, a autorización á Administración forestal. A denegación ou o condicionamento do aproveitamento producirase no prazo de 15 días mediante resolución motivada; transcorrido o dito prazo sen contestación, entenderase concedida a solicitude. A Administración forestal poderá exixir a modificación do instrumento de ordenación ou xestión con posterioridade ao aproveitamento.

Artigo 95: Da biomasa forestal

O CES considera que a referencia no punto 5 deste artigo á “compatibilidade” debería ampliarse ás actividades tradicionais tanto da industria forestal galega, como doutros sectores tradicionais.

Proposta de novo artigo

O CES considera que na denominación das infraestruturas forestais deberán mencionarse os cerramentos e peches de parcelas, sobre todo por riba das 25 Has de cerramento e que debería regularse a obrigatoriedade de establecer pasos para a fauna natural no caso de ser utilizados elementos que impidan a súa libre circulación. Así como a prohibición de utilizar aramados de espiño, cando menos nos cerramentos perimetrais das ficas ou parcelas. Tamén se debería recoller a obriga da eliminación destas infraestruturas no momento en que desapareza o motivo para a súa instalación, evitando o abandono destes peches.

Artigo 99: A cadea monte-industria

O CES propón engadir no artigo **99.2 b).**:

“...as asociacións sen ánimo de lucro vinculadas á conservación e defen-

sa do medio (rural ou/e monte)”, por entender que estas asociacións deberían poder ser parte nestes convenios de colaboración.

Artigo 100: Mesa da Madeira.

Este Consello entende que se debería de modificar a redacción do **apartado 1 do artigo 100** para que se garanta o cumprimento da Lei 17/2008, de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

En relación ao **apartado 2 do artigo 100**, entendemos que, dentro da súa función de seguimento dos mercados, debería servir como observatorio de prezos.

Artigo 101: Outras mesas sectoriais de produtos do monte

O CES propón cambiar no **artigo 101**, a indefinición da expresión “poderá” por: “...a administración forestal impulsará a creación de mesas sectoriais...”.

Artigo 102: Rexistro de empresas do sector forestal

O CES propón engadir no **apartado 1 do artigo 102:**” ... de aproveitamentos de cogomelos, plantas aromáticas, pequenos froitos, castaña e outros, ...”, para incluír expresamente no rexistro as entidades adicadas a estes aproveitamentos

Artigo 104: Comercio responsable de produtos forestais

En relación ao **apartado 1 do artigo 104**, procede dicir que as talas ilegais de madeira prodúcense independentemente da súa localización, polo que debería eliminarse a referencia a que só proceden de terceiros países.

Artigo 105: Certificación forestal

No actual contexto mundial do sector forestal, o CES considera fundamental o fomento da xestión forestal sostible, da certificación forestal e da utilización dos produtos forestais, polo que se propón a modificación do texto do artigo no seguinte senso:

O CES entende que se debería modificar o **apartado 3** do **artigo 105** de xeito que se incluíse a seguinte frase ao final do apartado 3: *“A Xunta de Galicia, promoverá a utilización dos produtos forestais certificados, en especial a madeira, e fomentará o seu uso como elemento estrutural na construción pública, ademais incentivará a implantación de sistemas de certificación forestal nos montes privados”*.

Proponse engadir un novo apartado a este artigo cunha redacción do teor da que segue:

4. Nos montes públicos ou xestionados pola Administración forestal, promoverase a certificación da xestión forestal sustentable mediante sistemas internacionalmente recoñecidos ou validados polas correspondentes entidades de normalización seguindo na súa elección os criterios de non discriminación, e a demanda dos mercados.

Artigo 106: Da educación

O CES propón engadir, ao final do texto: *“como o monte veciñal en man común, o funcionamento das comunidades de montes e o s seus valores”*, por entender que as pautas de funcionamento das comunidades de montes son tamén de interese para o coñecemento social das características propias e singulares do monte galego.

Artigo 114: Marco xurídico da sanidade forestal

O CES propón modificar a redacción do **apartado 2** do **artigo 114** coa finalidade de obter as máximas garantías para controlar e limitar no posible a xénese, propagación e extensión das pragas e enfermidades forestais, para o que se considera imprescindible que ditas competencias sexan asumidas polo

mesmo órgano da administración, que exerza as competencias de ordenación, fomento e mellora da produción forestal.

Propónse a modificación da redacción do **apartado 2** do **artigo 114** no seguinte senso:

2. A autoridade sanitaria en materia forestal será a Administración forestal.

Artigo 116: Actuacións da administración forestal

Enténdese, en relación ao **apartado 3** do **artigo 116** que non é suficiente con que as comunicacións se fagan a través da páxina web da Consellería, xa que, infelizmente, Internet non é accesible a unha importante parte do territorio rural galego. Polo tanto o CES considera que sempre que se fagan tratamentos de loita contra pragas e enfermidades, debe trasladarse a información de xeito efectivo á poboación que poida verse afectada, coa colaboración das entidades locais.

Artigo 129: Cualificación das infraccións

O cadro de cualificación das infraccións debe ter en conta todas as infraccións establecidas no artigo 128, en base ao que debería revisarse o artigo 129, así como eliminarse a referencia que nel se fai ao artigo 127.

Artigo 139: Presunción de veracidade

O CES entende que se debe engadir no **apartado 1** do **artigo 139** “*1 Os axentes forestais e os axentes facultativos medioambientais*”, tal como aparece definido no apartado 4 do artigo 8 da presente norma.

Disposición Transitoria 13: Revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Co obxecto de incluír a posibilidade de que a solicitude se poida instar de

parte, o CES propón unha nova redacción do **apartado 2**, que quedaría do seguinte xeito *“A estes efectos o Xurado Provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou a instancia de parte, poderá solicitar á Administración competente en materia de montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común”*

Disposición Derrogatoria única. Derrogación normativa

Por entender que se debe de manter a obriga da Administración de levar a cabo os deslindes nos montes veciñais en man común, o CES propón eliminar a letra a) da Disposición Derrogatoria única, así como a letra b) relacionada cos aproveitamentos forestais.

Disposición Derradeira primeira: Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Sen entrar a valorar a posible adecuación ou non do contido da presente disposición, o CES estima que a cantidade de modificacións que se establecen para a Lei 3/2007, poñen en evidencia a necesidade dunha modificación explícita da norma e non a través dunha disposición derradeira doutra Lei.

Anexo II: Distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais.

A flexibilización das distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións que se establece no anexo II, non aparece amparada tecnicamente, polo que este Consello estima que se debe manter a lexislación actual. Só cando unha rigorosa xustificación técnica o ampare, procedería a modificación de distancias que, en todo caso, debería realizarse a través da correspondente modificación de Lei

Por razóns de seguridade cidadá proponse modificar as distancias mínimas establecidas na letra k) do anexo II de xeito que se amplíe a 50 metros para especies de frondosas do Anexo I, e 100 metros para o resto de especies.

Novo artigo: Usos prohibidos.

Por claridade lexislativa, estímase conveniente que se inclúa no articulado da norma, un precepto onde se enumeren todos os usos prohibidos do monte, entre outros, a título de exemplo, o depósito de lixo ou residuos, as acampadas, agás nos lugares expresamente permitidos ou a publicidade estática; regulándose así mesmo, de xeito concordante, o réxime de sancións pertinente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2012

V^a e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Corina Porro Martínez

Asdo.: Juan José Gallego Fouz

VOTOS PARTICULARES

VOTO PARTICULAR formulado polos conselleiros e as conselleiras que representan á Confederación Intersindical Galega (CIG)

Compartimos a xeneralidade do Ditame elaborado pola Comisión Sectorial nº 1, mais temos que manifestar a nosa abstención na votación do mesmo polo Pleno do CES, que ven motivada pola insuficiencia do seu contido, ao non terse incluído numerosas consideracións que aportamos na Comisión e resultaron rexeitadas. Tamén porque non compartimos a literalidade do que se afirma no segundo parágrafo da Consideración xeral 2, nen tampouco diversas consideracións particulares, a saber: o novo apartado que se propón incluír no art. 5; a supresión de parte do texto do apartado 2 do art. 60; a modificación do prazo que se cita no apartado 2 do art. 81; a eliminación do prazo de quince días que se propón no apartado 5 do art. 92; ou a engádegas que se suxire neste último artigo.

As consideracións que propuxemos incluír no ditame do CES, parten da constatación de que o proceso de elaboración do anteproxecto non foi quen de concitar os consensos convenientes e o apoio social necesario, que serían desexables para acometer unha nova lexislación en materia de tanta trascendencia para Galicia e, sobre todo, para que ese marco legal redunde en definitiva en efectos prácticos positivos para os sectores directamente concernidos e para o conxunto da sociedade.

Parten tamén da preocupación polo feito de que o anteproxecto pretende ir alén da súa finalidade natural, entrando de xeito abrupto na modificación de aspectos substantivos da lexislación específica en materia de montes veciñais en man común e de prevención e defensa contra incendios forestais.

No caso dos montes veciñais en man común, as modificacións legais que contén o anteproxecto irían no camiño de desnaturalizalos, cando non de provocar a súa desaparición. Son varios os artigos nos que se elimina a natureza

xermánica dos mesmo, que se substitúe por un termo tan indefinido como o de “natureza especial”, ao tempo que se instauran os procedementos para a apropiación encuberta daqueles montes veciñais cuxas comunidades poidan atoparse con problemas na súa situación económico-financeira.

En canto á prevención e defensa contra os incendios forestais, entendemos que as modificacións que o anteproxecto enuncia van na liña de desvirtuar e baleirar de contido moitas das medidas incluídas na Lei 3/2007. Preocúpanos especialmente que non se opte pola posta en valor das Brigadas de Investigación de Incendios Forestais, que se teñen revelado extremadamente útiles na detección da orixe real dos incendios.

Tanto nun como noutro caso, avaliamos positivamente que o ditame do CES se pronuncie polo mantemento da lexislación específica que regula as dúas materias e se decante pola necesidade de que, en todo caso, as reformas que se pretenda implementar se aborden tramitando cadanseu correspondente anteproxecto de lei. Sen embargo, entendemos que se deberon incluír no ditame diversas consideracións particulares que sinalaban a necesidade de modificar concretamente algúns dos preceptos máis negativos que contén o anteproxecto.

Por outro lado, entendemos que en todo o anteproxecto deberían substituírse os termos *forestal* por *monte*, *propietarios forestais* por *propietarios forestais e titulares dos montes*, e *aproveitamentos forestais* por *aproveitamentos do monte*, en aras a utilizar unha terminoloxía máis correcta e acaída. No mesmo senso, débese salvar a especificidade do réxime de propiedade dos montes veciñais en man común.

Non compartimos a visión produtivista que encerra o anteproxecto, que se centra excesivamente no aproveitamento da madeira, en prexuízo do resto dos aproveitamentos. O sector forestal e a sociedade demandan un monte valorizado e multifuncional, pois os modelos de xestión aplicados até o momento, baseados en plantacións monoespecíficas de especies de crecemento rápido reveláronse ineficaces, provocando a aparición de problemas sanitarios, esgotamento de recursos, baixadas de prezos e lumes.

En relación con estas cuestións, entendemos que a Administración forestal debería abordar a creación dunha *marca galega* para a comercialización dos produtos forestais de Galicia, establecendo un sistema de control da orixe

e trazabilidade e implicando especialmente nesta *marca galega* aos pequenos produtores e pequenas empresas transformadoras.

Non podemos estar de acordo coa eliminación da prohibición do forestar terras agrarias, provocando un incremento da desorde territorial, incidindo negativamente na prevención dos incendios forestais e redundando no abandono do medio rural, pois unha das cuestións con maior incidencia negativa na pervivencia e desenvolvemento das explotacións agrarias é o acceso á terra. Permitindo forestar as terras agrarias, redúcese a capacidade de incrementar a superficie agraria útil das explotacións e pónense en causa a súa capacidade produtiva e a súa pervivencia, o que conduce a unhas explotacións máis dependentes das flutuacións especulativas dos insumos.

Entendemos que se debería incorporar ao anteproxecto unha maior concreción dos contidos mínimos do Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo que conteña a información básica para a elaboración dos instrumentos de planificación forestal.

Consideramos que se deberían regular con maior profundidade e concreción, mediante a incorporación de cadanseu novo artigo, aspectos como o *Uso social dos montes públicos*; o *Uso cultural, turístico, educativo e recreativo dos montes públicos*; e o *Acceso público aos montes*.

Finalmente, entendemos que se debería incorporar ao anteproxecto unha nova sección, que baixo o epígrafe *Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentable*, regulase este instrumento que estruturaría os obxectivos, principios e liñas de acción que guiarán a xestión forestal dos montes galegos, en consonancia cos principios de xestión forestal sustentable acordados a nivel estatal e internacional, tendo os seus obxectivos e directrices carácter vinculante para a elaboración do Plan Forestal de Galicia, os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais, os instrumentos de xestión e as actuacións das distintas administracións públicas con competencias en materia forestal e en ordenación do territorio.

**VOTO PARTICULAR
que formula a representación
do Sindicato Labrego Galego,
do Grupo Terceiro**

Compartindo a xeralidade do Ditame elaborado pola Comisión Sectorial nº 1, temos que manifestar a nosa abstención na votación polo Pleno do CES, que ven motivada polas seguintes cuestións, que consideramos de grande relevancia:-

– Temos que manifestar o noso claro desacordo coa aposta que se fai no Anteproxecto sometido a Ditame do CES Galicia pola forestación de terras agrarias, particularmente palpable nos artigos 61 e 62.4. A este respecto, o Ditame non se manifesta na liña expresada.

Estase dando en Galicia nos últimos anos un preocupante avance descontrolado das forestacións de terras tradicionalmente adicadas á actividade agropecuaria, e con clara vocación para este tipo de usos. Todo isto supón a perda de terra agraria útil, coas consecuencias sociais que esta realidade implica.

Entendemos que en ningún caso debería permitirse a forestación en solo rústico de protección agropecuaria. O solo agrario está cada vez menos protexido, ampliándose cada vez máis o abano de actividades permitidas diferentes das agropecuarias e mesmo incompatibles coa mesma e, en definitiva, desprotexendo á actividade agraria e á poboación labrega e rural galega.

– Por outra banda, e na mesma liña, ademais do manifestado no Ditame introdúcese unha consideración coa que non podemos concordar en relación co apartado 2 do artigo 60, pois entendemos que habería que facer as oportunas salvedades, contemplando os supostos -moi comúns na práctica- de forestacións practicadas en solos previamente agrícolas contravindo as normas e a vocación agraria dos terreos.

– En materia de montes veciñais en man común, valorando positivamente

te que o ditame do CES avogue polo mantemento da específica lexislación que regula esta materia, consideramos que se debería ter feito constar que o Anteproxecto incide nunha dirección de perda de autonomía e capacidade de decisión das comunidades de montes veciñais en man común. ”

E para que conste a todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2012.

Vº e Pr.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

galicia